



BASES DO CONCURSO “A JATA RUÍN DE LA PRADA” - Sudadera da Festa da Dorna - Sinjladura LXXI

DATA LÍMITE PRESENTACIÓN DAS PROPOSTAS O 25 de MARSO

Primeira.- Partisipantes.

Poderá partisipar quen teña jana, sempre que cumpra coa normativa que se expón desejado, incluso se está empadroado na Puebla.

Sejunda.- Tema

Faser o deseño dorneiro (recoméndase botar un ollo a deseños pasados sabendo que este ano a sudadera e de cor **NEJRO**) e que conteña, do xeito que proseda asejún o deseño, a sejinte informasión. Ribeira, Festa da Dorna e LXXI Sinjladura. Non quita que si se lle quer poñer máis informasión que se lle poña, qínda que para iso xa está o cartel.

Terseira.- Características técnicas:

A técnica será libre, ca única salvidade de que si presentas aljo que non se poda serijrafiar na sudadera, perderás o tempo presentando o deseño.

A impresión do debuxo da sudadera poderá levar un máximo de 4 (CATRO) tintas, e deberá ser presentado co fondo NEJRO TISÓN, para entendidos da materia 010-010-010.

Cuarta.- Presentación

Os deseños aspirantes a debuxo da Sudadera da LXXI Sinjladura deberán ser presentados en formato dixital, remitíndoos ao correo electrónico da Festa da Dorna **afestadadorna@gmail.com** ou por mensaxe privada polo feisbú da festa. Deben estar en formato JPG ou arquivo PDF cunha resolución mínima de 200 ppp. Toda deseño que non cumpra este requisito poderá ser rechasado e utilizado para fondo de servilleta do Flip.

Quinta.- Data límite

O praso de presentación dos deseños aspirantes a debuxo da Sudadera da LXXI Sinjladura rematará o dominco 25 de marso do 2019 ás 23:59.

Sexta.- Xurado e votación

Serán as sotas e socios da Real e Ilustre os que fagan a criba entre os deseños presentados valorando nunha enquisa todas as propostas. Sendo presentados en asemblea os mellor valorados. **(VER SEXTA BIS)**

Os deseños presentados serán expostos na páxina feisbú da Festa da Dorna a partir do día 26 de marzo, ata o medio día do día que se selebre a Asemblea de Peñas e o deseño que máis "me justas" consijan no tempo exposto na rede social será o elixido en caso de empate na elección a man alsada entre os peñeiros presentes na asemblea mencionada dos deseños mellor valorados.

Sexta BIS.- Dereito do alto patronato sobre os deseños presentados

En caso extremo de que poda chejar a elixirse un deseño que non se considere co nivel suficiente e sexa ben valorado por socios e sotas con domicilio en Puebla del Caramiñal, o alto patronato da Real e Ilustre Cofradía da Dorna resérvase o dereito de levar a votación os deseños que considere máis adecuados para representar o sudadera oficial da LXXI Sinjladura da Festa da Dorna.

Séptima.- Premios

O deseño finalmente seleccionado será o que lusa na sudadera da LXXI Sinjladura da Festa da Dorna, e por si non fora suficiente a autora ou autor será ajrasiado con un premio de **400 eurios**.

Septuaxésimonovena

A directiva da R.e I. Cofradía da Dorna poderá deixar o concurso nulo, no aire, na fochanca... se non se presentan deseños que se consideren que non representan ou promosionan adecuadamente a Festa da Dorna e reservase o dereito de poder modificar o deseño elixido según lle pete, sen que estas modificacións cambien en jran medida o deseño orixinal. A partisipación no concurso significa a aseptación desta normativa.

Asinado.

A directiva da Real e Ilustre Cofradía da Dorna.